

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA,
A SA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO E A CISTERCIENSE ORDE SANTA
MARÍA DE SOBRADO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DO
MOSTEIRO DE SOBRADO DOS MONXES E A SÚA INCORPORACIÓN Á REDE
DE ALBERGUES PÚBLICOS DA XUNTA DE GALICIA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Mosteiro Cisterciense de Santa María de Sobrado o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a cisterciense Orde Santa María de Sobrado para a execución das obras de acondicionamento do albergue actualmente existente no Mosteiro, para adaptalo ás condicións esixidas para os albergues da Rede Pública de Albergues.

Para a consecución do citado obxecto procederase á elaboración dun proxecto de recuperación da edificación e o seu entorno, para implantación do uso sinalado.

Unha vez rematada a reforma, o Albergue pasará a formar parte da rede de Albergues públicos da Xunta de Galicia, aínda que a xestión do mesmo levarase a cabo pola Orde Santa María de Sobrado

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- O mosteiro cisterciense de Santa María de Sobrado dos Monxes foi cedido polo Arzobispado de Santiago de Compostela gratuitamente á orde cisterciense no ano 1967.



O mosteiro foi declarado Ben de Interese Cultural (BIC) con categoría de monumento polo Decreto do 3 de xuño de 1931 (GAC 04.06.1931)

O mosteiro de Santa María de Sobrado é un referente entre os mosteiros de orixe medieval do territorio galego, aínda que as transformacións posteriores deixárono situado como unha das máis importantes mostras do barroco, como se reflicte na súa igrexa.

Ademais, da súa impresionante igrexa e outras dependencias o conxunto dispós de tres claustros: no primeiro deles denominado de peregrinos, atópase un albergue actualmente xestionada pola orde e por persoas voluntarias.

As excepcionais condicións de situación do mosteiro en relación ao Camiño do Norte, que motivou a súa declaración como Patrimonio da Humanidade polas UNESCO no ano 2015, propician que sexa visitado por numerosos peregrinos que merecen un acollemento digno que as actuais instalacións non poden ofrecer como sería desexable.

É polo que a orde cisterciense ten elaborado un proxecto para adecuación do mesmo e solicitado a súa inclusión na Rede de Albergues Públicos da Xunta de Galicia, excluídos do ámbito de aplicación da normativa de albergues turísticos.

Segundo.- O programa de necesidades para a adecuación do actual albergue ás características dos albergues públicos, céntrase na adecuación dos espazos interiores do albergue de peregrinos situado nun dos claustros e que necesita intervencións sobre acabados, instalacións e mobiliario.

Ademais, reacondicionarase un espazo exterior coa instalación dun módulo de lavandería e zona de descanso e lecer.

Terceiro.- O Plan Director e Plan Estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia 2015-2021, establece na súa liña estratéxica 7: Especialización e calidade no servizo de atención ao peregrino, como actuación prioritaria 7.1: Xestión integrada da rede pública de albergues, mellora das súas infraestruturas..

Cuarto.- a Axencia Turismo de Galicia é a entidade pública instrumental que se crea co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.



De conformidade co artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, ten entre as súas funcións, directamente ou a través da SA de Xestión do Plan Xacobeo, a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do

Que a través deste convenio, outórgase ó Mosteiro Cisterciense de Santa María de Sobrado dos Monxes unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

